

PUNTO DE ENCONTRO COS AXENTES COMERCIAIS MEDIADORES

jueves, 11 de junio de 2009

PUNTO DE ENCONTRO COS AXENTES COMERCIAIS MEDIADORES

Santiago, 30 de xuño e 1 e 2 de xullo de 2009

Como continuación ao Punto de Encontro cos Directores dos Centros de Promoción de Negocios do Igape en Alemaña, China, EEUU, Polonia e Xapón, que se desenvolveron durante a pasada semana, a sede do Igape en Santiago de Compostela acollerá durante os vindeiros días 30 de xuño e 1 e 2 de xullo o Punto de Encontro cos Axentes Comerciais Mediadores no exterior, cos que as empresas galegas interesadas en iniciar ou ampliar a internacionalización poden concertar entrevistas individualizadas.

Os Axentes Comerciais Mediadores son cualificados para cada mercado tras contrastar a súa experiencia. Son expertos en comercio exterior, canles de distribución e servizos á internacionalización, e actúan por conta propia e con independencia do Igape.

Os Axentes Comerciais Mediadores que acudirán a este Punto de Encontro e cos que as empresas galegas poden solicitar xa unha entrevista son os seguintes:

- Argos Consulting Network, S.L.: axente cualificado para Alemaña, Bélxica, China, EE.UU., Francia, México, Polonia, República Checa, Suecia e Xapón.
- Forum Development, S.L.: axente cualificado para Polonia, Rumania e Rusia.
- Enxeñeiros e arquitectos consultores-IDOM, SA.: axente cualificado para Bélxica, Brasil, Marrocos, México, Portugal, Reino Unido, Rumania e Venezuela.
- Intercambi Inc. consultores.: axente cualificado para Canadá.
- Grupo Consultor Galicia Internacional, S.L.: axente cualificado para Brasil e a República Dominicana
- Rivadeneyra, Treviño y de Campo, S.C.: axente cualificado para México
- Equantia, Global Business: axente cualificado para Eslovaquia, Letonia, Polonia e a República Checa
- Astron Consultores de Gestión, S.L.: axente cualificado para México

Ademais, se así o solicitan, as empresas galegas tamén poderán recibir información sobre as axudas e outros servizos de apoio á internacionalización que presta o Igape.

Para máis información poden chamar ós teléfonos 902 300 903 ou 981 54 11 27.
Incrición

www.igape.es